

# CIENCIAS NATURAIS

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

### Nota informativa para as familias:

Por decisión conxunta do centro, todas as actividades de Lingua Galega, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais publicaranse na páxina web do colexio ao comezo de cada semana, ao igual que no resto das materias. Non se colgarán actividades no Blog ata novo aviso.

Ola Chiquipandi,

Neste último trimestre, na materia de Ciencias Naturais, seguiremos traballando a Función de Nutrición. Recordade que nesta función interveñen catro aparatos do noso organismo: aparato dixestivo, aparato respiratorio, aparato circulatorio e aparato excretor.

A continuación, tedes un cadro resumo dos catro aparatos onde aparecen as funcións que realizan e as partes de cada uno.

### FUNCIÓN DE NUTRICIÓN

| APARATO DIXESTIVO  | APARATO RESPIRATORIO  | APARATO CIRCULATORIO   | APARATO EXCRETOR  |
|--|---|--|---|
| Encárgase de realizar a <b>dixestión</b> . Transforma os alimentos nos nutrientes que o organismo necesita.  | Encárgase do proceso da <b>respiración</b> . Toma o osíxeno do aire para que chegue a todas as células do organismo, e expulsa o dióxido de carbono que se xera nas células.  | Encárgase de <b>distribuír a todas as células, os nutrientes e osíxeno</b> que necesitan. Tamén <b>recolle as substancias de refugallo e o dióxido de carbono</b> que as células producen para levalos ata os órganos encargados de expulsalos ao exterior.                          | Encárgase de realizar a <b>excreción</b> . Elimina as substancias de refugallo que xeran as células e que transporta o sangue.  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Tubo dixestivo:</b> composto pola boca, a farinx, o esófago, o estómago, o intestino delgado, o intestino grosso e o ano.</li> <li>- <b>Glándulas dixestivas:</b> formado polas glándulas salivares, o páncreas e o fígado.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Vías respiratorias:</b> compostas polas fosas nasais, a farinx, a larinxe, a traquea e os bronquios.</li> <li>- <b>Pulmóns:</b> no seu interior atópanse os alveolos pulmonares.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Vasos sanguíneos:</b> clasifícanse en veas, arterias e capilares.</li> <li>- <b>Corazón:</b> aurículas, ventrículos e válvulas.</li> <li>- <b>Sangue:</b> glóbulos brancos, glóbulos vermellos, plaquetas e plasma sanguíneo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Aparato urinario:</b> composto dos riles, os uréteres, a vexiga urinaria e a uretra.</li> <li>- <b>Glándulas sudoríparas:</b> atópanse na pel e producen a suor.</li> </ul> |

Esta semana estudaremos o último aparato que intervén na función de nutrición: **O APARATO EXCRETOR**. A continuación, déixovos varios enlaces para traballar este aparato. Os **enlaces en cor laranxa son páxinas web**, os **enlaces en cor verde son vídeos** e os **enlaces en cor azul son xogos**.

## FUNCIÓN DE NUTRICIÓN:

<https://www.youtube.com/watch?v=nj168qvxJzg&t=230s>

### **Aparato excretor:**

[https://www.youtube.com/watch?v=f6rJ83TRm\\_g](https://www.youtube.com/watch?v=f6rJ83TRm_g)

<https://www.portaleducativo.net/octavo-basico/797/Aparato-excretor>

[https://www.educantabria.es/docs/Digitales/Primaria/Cono\\_3\\_ciclo/CONTENIDOS/CUERPO%20HUMANO/DEFINITIVO%20EXCRETOR/Publicar/index.html](https://www.educantabria.es/docs/Digitales/Primaria/Cono_3_ciclo/CONTENIDOS/CUERPO%20HUMANO/DEFINITIVO%20EXCRETOR/Publicar/index.html)

<https://cienciasnaturales.didactalia.net/recurso/sistema-urinario-primaria/f83bd2db-8174-4744-babc-72ac23c83e9d>

<https://cienciasnaturales.didactalia.net/recurso/sistema-urinario-primaria/987527c5-b1c1-4544-8d0b-acc4a50a16e2>

## ACTIVIDADE 1

Debuxa no teu caderno o Aparato Excretor ou descarga e pega no caderno a imaxe que aparece na páxina 5 deste documento e nomea as súas partes. Non esquezas colorear cada parte dunha cor.

## ACTIVIDADE 2

Copia no caderno este cadro e completa os espazos en branco coa información do libro de texto. Tedes as páxinas a continuación.

| APARATO EXCRETOR     |                      |                      |                      |                       |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|-----------------------|----------------------|
| Función:             |                      |                      |                      |                       |                      |
| Aparato urinario     |                      |                      |                      | Glándulas sudoríparas |                      |
| Función:             |                      |                      |                      | Función:              |                      |
| Riles                | Uréteres             | Vexiga               | Uretra               | Epiderme              | Derme                |
| Definición e función | Definición e función | Definición e función | Definición e función | Definición e función  | Definición e función |

## ACTIVIDADE 3

- **ESTUDAR** o aparato excretor.
- **REPASAR** os aparatos dixestivo, respiratorio e circulatorio.

## O aparato excretor

Que ocorre coas substancias que o organismo non necesita? Por que suamos?

### O aparato excretor


O **aparato excretor** é o encargado de realizar a **excreción**, é dicir, de eliminar as substancias de refugallo que xeran as células e que transporta o sangue. Está formado polo aparato urinario e polas glándulas sudoríparas.

### O aparato urinario

O **aparato urinario** componse dos riles, os uréteres, a vexiga urinaria e a uretra.

O sangue transporta as substancias de refugallo aos **riles** a través das **arterias renais**. Os riles filtran e o sangue sae deles polas **veas renais**.

1 Os **riles** son dous órganos con forma de faba, duns 10 cm de longo, situados baixo a caixa torácica a ambos os dous lados da columna vertebral. Encárganse de **filtrar** o sangue para extraer del as substancias de refugallo que son tóxicas para o organismo. Estas substancias, disoltas en auga, forman a **urina**.



2 Os **uréteres** son dous condutos que saen dos riles e encárganse do transporte da urina ata a vexiga urinaria.


3 A **vexiga urinaria** é un órgano musculoso situado ao final dos uréteres. Nela acumúlase a urina.

4 A **uretra** é un conduto que sae da vexiga urinaria para expulsar a urina ao exterior.

### Amplia

#### Cálculos renais

En ocasións, acumúlase **calcio** nas vías urinarias e forma cálculos renais. Adoitan eliminarse sen problemas, pero cando son demasiado grandes poden **obstruír** o ril ou o uréter. Entón provocan unha dor abdominal moi intensa.



Pescuda que é un cólico nefrítico.


### As glándulas sudoríparas

As **glándulas sudoríparas** atópanse na pel, que é o órgano máis extenso do corpo. Encárganse de eliminar substancias tóxicas e de controlar a temperatura do corpo. Para iso, producen a **suor**, que está formada por auga, sales e substancias de refugallo, e que se expulsa polos poros da pel.

A suor evapórase coa calor da pel e refréscaa. Axuda así a controlar a **temperatura corporal**.

A **epiderme** é a capa superior da pel. Nesta capa prodúcese un pigmento chamado **melanina**, responsable da coloración da pel. Ademais, a melanina protéxenos dos raios ultravioleta do sol.

A **derme** é a capa interior da pel. Nesta capa atópanse as **glándulas sudoríparas** e tamén os **foliculos pilosos**, en cuxo interior crecen os pelos.



**!** O **aparato excretor** elimina as substancias de refugallo que xeran as células. Está formado polo **aparato urinario** e polas **glándulas sudoríparas**.

**1** Indica cal é a función dos seguintes compoñentes do aparato excretor.

- |                 |                       |
|-----------------|-----------------------|
| a. Os uréteres. | c. A suor.            |
| b. A uretra.    | d. A vexiga urinaria. |

**2** Que condutos existen no aparato excretor?

**3** Por que é necesario que se filtre o sangue?

**4** Por que é posible que controlemos as ganas de orixinar?

**5** Pescuda en que consiste o tratamento de diálise.

#### Amplía

##### O exceso de sudoración

Algunhas persoas sofren unha enfermidade, denominada **hiperhidrose**, que lles provoca un exceso de sudoración. A suor preséntase de forma espontánea en axilas, cara, pescozo, pés ou coiro cabeludo. Se se produce na palma das mans chámase **hiperhidrose palmar**.




Pescuda as causas da hiperhidrose e que tratamentos existen para esta enfermidade.



Nombre y apellidos: .....  
Fecha: ..... Curso: .....

## APARATO EXCRETOR



Estudade un ratiño todos os días!! Establecedes unha rutina diaria de traballo para non perder o hábito de estudo. Podedes con isto e moito máis!! O truco está en poñer un pouco de esforzo. Ánimo!! Seguro que antes do que pensamos volvemos ao cole para continuar aprendendo xuntos.

**Moito ánimo para vós e para as vosas familias!!**

**Un bico grande da vosa profe que vos quere un montón!!**

**Antía**